

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE BANDE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO TERMAL DE NOVA PLANTA NO TERMO MUNICIPAL DE BANDE (OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta consellería formalizou co Concello de Bande o convenio arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 12 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre ambas administracións para o financiamento da redacción dun proxecto básico e de execución para a construción dun centro termal na beira do encoro das Conchas, no termo municipal de Bande (Ourense).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (en diante VPCEII), tendo en consideración o disposto na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, configura á dita consellería como o departamento da administración autonómica ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.





As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Segundo dispoñen os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 80.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, os municipios poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O Concello de Bande, entidade local territorial de Galicia, na súa calidade de Administración Pública serve con obxectividade aos intereses públicos que ten encomendados e actúa de acordo cos principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á Lei e ao dereito.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará CORENTA MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS (40.656,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.734A.760.2 "Valorización recursos nos concellos", dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

